

## TERRA DE SANXENXO

### **BASES PARA A SELECCIÓN DE ANIMADOR SOCIOCULTURAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR INTERINIDADE E PARA A SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR CON RESERVA DE POSTO.**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de un/ha animador sociocultural a xornada completa para substituír a un traballador con dereito a reserva de posto.

#### **SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.**

Animador sociocultural do OA Terra de Sanxenxo.

A retribución mensual bruta será a equivalente a un grupo 4 (persoal laboral, equivalente a C2 funcionario), e un Nivel de Complemento de destino 16 (equiparado a persoal funcionario). O Complemento específico mensual establécese en 51,12 euros brutos / mes.

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a xornada completa por interinidade para substituír a traballadores con dereito a reserva de posto, exercendo as funcións de animador sociocultural grupo equivalente a C2, a contratación farase ó amparo do disposto no apartado art.15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. 29-03-1995), segundo a redacción dada pola lei 63/1997, do 26 de Decembro (B.O.E. de 30 de Decembro), ampliado por o apartado dez do artigo primeiro da lei 12/2001, de 9 de xullo (B.O.E. de 10 de xullo). R.D. 2720/98, de 18 de decembro (BOE de 8 de xaneiro de 1999), modificado por o apartado 2 da disposición final primeira do RD 1251/2001, de 16 de novembro (BOE de 17 de novembro), así como o establecido na Lei 7 / 2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Animador sociocultural: Enténdese por aquel traballador que este capacitado e habilitado para exercer as funcións de animación sociocultural e ademais estar en posesión do graduado ESO ou equivalente.

#### **TERCEIRA. SISTEMA DE SELECCIÓN.**

Establécese o de oposición: Consistirá na realización dunha proba relacionada co traballo a desempeñar, a cal constará de:

- 1º Exercicio práctico/teórico e eliminatório\*: Na que o/a aspirante deberá demostrar os coñecementos relacionados ca súa formación académica aplicada o traballo contestando varias preguntas relacionadas tanto co traballo habitual como do temario (Anexo I). (Valorarase de 0 a 6 puntos).
  - 2º Oral: O tribunal cualificador fará unha proba oral curricular a todos os aspirantes que superasen o primeiro exercicio, o tribunal poderá preguntar sobre aspectos das materias do currículo así como cuestións relativas as funcións a desempeñar no traballo diario e a súa actualización de coñecementos. (Valorarase de 0 a 4 puntos).
- A oposición puntuarase de 0 a 10 puntos.
- De entre todos os aspirantes seleccionarase a aquel que sume a maior nota.
- eliminatório\*: O tribunal establecerá a nota de pase a segunda proba, non podendo ser esta inferior a 3 puntos.

### CUARTA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán ou membro da Unión Europea, ou de non selo, posuír o permiso de traballo necesario ou estar excluído de dita obrigaón; todo elo de acordo co establecido na Lei Orgánica 14/2003, de 20 de novembro, de Reforma da Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- b) Ter 18 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obte-la titulación académica que o capacite para o desempeño do posto ofertado.
- d) Certificado médico oficial ou informe de saúde (ámbolos documentos ORIXINAIS) acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- g) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 74 2080 5061 47 3040010797 a cantidade de 7,73 € fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

2. Tódolos requisitos esixidos no punto anterior, deberán reuni-los os aspirantes o día que remate o prazo para presenta-las solicitudes.

### QUINTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE SOLICITUDE.

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, dirixiranse a presidenta do OA Terra de Sanxenxo e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de luns a sábado en horario de 9:00 a 14:00 horas o sábado ata as 13:00 horas, ou ben na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 5 días naturais dende ó de publicación do anuncio, no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo e nun xornal dos de maior difusión da provincia (dende o venres 12 de xuño ata o martes 16 de xuño de 2015, ámbolos dous inclusive).

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación:

- 1) Currículo extenso e detallado con fotografía recente.
- 2) Copia cotexada do graduado en ESO e do título/s que o habilite ou capacite para o desempeño do posto de animación sociocultural.
- 3) Copia do xustificante de ingreso da taxa de dereitos de exame, ou copia da tarxeta de demandante de emprego en vigor.
- 4) Certificado médico oficial ou informe de saúde orixinal.

### SEXTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES E PROBA.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de 2 días, publicaranse as listas provisionais de admitidos e excluídos cos motivos de exclusión, tamén confirmarase data da proba. Dita resolución publicaranse no taboleiro do Concello de Sanxenxo e na web municipal.

Os aspirantes que foran excluídos, disporán ata o día antes da proba para a emenda dos defectos polos que foran excluídos.

Lista que elevarase definitiva no suposto de que non houberse reclamacións.

## TERRA DE SANXENXO

A/s data/s de realización das probas faranse o/s día/s que constarán na acta de admitidos e excluídos. De modificarse a/s data/s ou hora/s comunicaranse as variacións nos taboleiros do Concello e na web municipal).

### **SETIMA. BOLSA DE TRABALLO TEMPORAL 2015.**

As necesidades de persoal cubriranse temporalmente (ano 2015) tendo en conta a orde de puntuación total de aqueles aspirantes que tiveran superado a oposición. O chamamento será por rigorosa orde de puntuación.

### **OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS.**

Por o feito da participación no proceso selectivo, os aspirantes prestan o seu consentimento para que os datos de carácter persoal facilitados por eles sexan incorporados ao ficheiro "laboral", rexistrado na AEPD publicado no BOP nº 201 de 16 de outubro de 2008). Unha das finalidades deste ficheiro é a xestión dos procesos de selección, podendo utilizar ditos datos por o departamento de Recursos Humanos para xestionar a Bolsa de Traballo Temporal da convocatoria, salvo cos aspirantes que indiquen expresamente que non queren que dita información sexa utilizada a tales efectos.

### **NOVENA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal, que en ningún caso poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas, para que se considere validamente constituído, este deberá estar formado por o menos por tres das cinco persoas que o compoñen, sexan titulares ou suplentes.

PRESIDENTE: Luís Angel Sabaríz Rolan.

SECRETARIO: Celestino Otero Camiña

VOCAIS: Teresa Amado Moldes.  
Teresa Reyes Martínez.  
Aquilino A. González Pérez.

SUPLENTES: María Carmen Quiñones Bea.  
Lucía Bermudez Paz.  
M<sup>a</sup> Victoria Vázquez Fernández.

ASESORES: Carlos Granjel Dios.  
María Carmen García González.

Tódalas actuacións do Tribunal, publicaranse nos taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo e na páxina web municipal.

### **DÉCIMA. PUNTUACIÓN FINAL.**

Determinada a cualificación final resultado da puntuación obtida na oposición e tendo en conta o exposto na base terceira, o Tribunal fará pública a lista de puntuacións no taboleiro do Concello.

### **UNDÉCIMA. RESOLUCIÓN DE ALTA.**

Unha vez cumpridos todos os requisitos a alcaldía - presidencia resolverá ordenando a alta do aspirante proposto por o tribunal cualificador do proceso selectivo.

### DUODÉCIMA. INCIDENCIAS.

O tribunal, queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e adopta-las decisións necesarias para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases, ó amparo da lexislación vixente.

Sanxenxo, 11 de xuño de 2015.

A presidenta en funcións,

Catalina González Bea.

#### ANEXO I

1. Planificación e Programación do Animador Sociocultural nos Centros Municipais.
2. O Animador Sociocultural na intervención social comunitaria e na intervención individual/familiar. Obxectivos. Funciones. Metodoloxía
3. Modelos metodolóxicos da Animación Sociocultural.
4. Equipamentos Municipais para a Animación Sociocultural. Deseño de espazos para o desenrolo da Animación Sociocultural. Participación do Animador Sociocultural.
5. A Participación Cidadá. Concepto e ámbitos. Cómo potenciar a participación cidadá dende a Animación Sociocultural.
6. Técnicas e instrumentos para la Xestión Sociocultural.
7. Recursos aplicables a Animación Sociocultural.
8. Inadaptación Social. Accións preventivas e respostas educativas dende a Animación Sociocultural.
9. Adestramento en habilidades sociais. Definición. Aplicacións.
10. As necesidades sociais. Definición, análises e avaliación. Estratexias de intervención.
11. Ocio e tempo libre. Infancia e espazos abertos. O xogo como instrumento sociabilizador.
12. Programas e ofertas municipais, web e servizos municipais.
13. Coñecemento do municipio.
14. Ferramentas informáticas word, excel.
15. Coñecemento de redes sociais e internet, as redes sociais municipais.